PRIMEIRA PROBA, PARTE A

OPCIÓN 2

I - ORIENTACIÓN
Exercicio único: 1 punto

Responda ás seguintes cuestións

N.º	Puntos	Pregunta
1	0,35	Quen creou a metodoloxía DISC? En que ano?
2	0,3	Que é o test DISC? Que mide?
3	0,35	Que tipos de personalidades se avalían co dito test? Explíqueas.

II - PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Exercicio único: 2,5 puntos

EIRA, SL é unha empresa situada en Ferrol que achega a seguinte información:

- Na empresa traballan 32 traballadoras. O vestiario ten 50 m^2 e está dotado cun armario por persoa de dimensións 2 x 0,3 x 0,4 metros (alto, ancho, fondo), e dous bancos de dimensións 0,6 x 2 x 0,5 metros. Sábese que a altura do teito é de tres metros. Anexo ao vestiario e comunicados directamente con este atópanse os aseos, cuxa superficie libre estímase en 15 m^2 e o seu volume libre en 55 m^3.
- Nas oficinas da empresa, un posto de traballo pode ser ocupado por seis traballadoras diferentes, das que se coñece a súa estatura, que se recolle na seguinte táboa:

Traballadora	Estatura	Traballadora	Estatura
1	1,594	4	1,721
2	1,678	5	1,689
3	1,703	6	1,712

Unha traballadora sentada pertencente ao colectivo anterior deberá alcanzar un determinado mando dun panel de control con certa frecuencia, polo que se quere que poida accionalo sen ter que levantarse.
Os datos antropométricos da poboación laboral española, publicados polo INSST, referentes á estatura e ao alcance máximo horizontal son os seguintes:

Dimensión (mm)	**Valor do percentil**			
	5	50	95	σ
Estatura	1525	1665	1802	83,89
Alcance máximo horizontal	606	700	785	54,24

- Nun dos almacéns da empresa almacénase en tanques unha substancia denominada tolueno, considerada unha materia tóxica e inflamable. A concentración de tolueno no recinto é de 400 mg/m^3. O TLV-TWA de dita substancia é de 375 mg/m^3e o TLV-STEL é de 560 mg/m^3.
- Como medida de seguridade, a empresa vai colocar dous sinais de seguridade en forma de panel que sexan visibles a unha distancia de 10 metros do almacén onde se almacena o tolueno.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,6	É correcta a ocupación dese vestiario de acordo co establecido na normativa? Cal debería ser a dotación de lavabos, espellos, duchas e inodoros nos aseos consonte o establecido na normativa?
2	0,7	No caso da oficina, cal é a distancia máxima desde o respaldo do asento á que poderá colocarse este mando?
3	0,6	No caso do almacén onde se almacena o tolueno: • Existe risco hixiénico para as traballadoras que desenvolven o seu traballo en dito almacén, tendo en conta que a súa xornada de traballo é de 8 horas/día? E se a xornada laboral fose de 4 horas diarias? • Existiría risco hixiénico para unha traballadora que estivese exposta durante 10 minutos a unha concentración de 700 mg/m^3? • Que concentración non se podería superar en ningún momento?
4	0,6	Con respecto á sinalización de seguridade, a empresa quere saber: • Que sinais se deberían colocar indicando as súas características básicas. • Cal debería ser a súa superficie mínima. • Cal debe ser a lonxitude dos lados do sinal para que se respecte a superficie mínima. • Cal debe ser a anchura mínima do bordo do sinal de se dimensionar como l/20. • Cal debe ser a área que ocupe o bordo do sinal. • Que porcentaxe de superficie ocupará o fondo do sinal ao respecto do total e se esta porcentaxe cumpre o estabelecido pola normativa.
Indicar a normativa básica ou documentación técnica de aplicación para a resolución de cada pregunta.		

III - DEREITO DO TRABALLO

Exercicio 1: 1 punto

Francisca ven prestando servizos como deseñadora gráfica para a empresa "TUDISEÑO S.L.". O traballo realízao como contratada externa estando dada de alta no RETA e no IAE para exercer unha actividade empresarial.

Non recibe instrucións nin está sometida a control directo. Acode regularmente ao centro de traballo catro días á semana. Non está suxeita a xornada nin horarios predeterminados, pero ten á súa disposición na empresa os medios técnicos precisos, onde realiza os deseños e medicións, aínda que normalmente utiliza os seus propios medios de produción. Remunéraselle polas horas dedicadas en función dos orzamentos concertados coa empresa, traballando unicamente para esta empresa en concreto.

O 15/05/2024, Francisca presentou demanda ante os xulgados de Social para a determinación da súa relación como laboral.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,3	Indique as características coas que ten que contar a relación solicitada por Francisca na súa demanda, consonte o artigo 1 do Estatuto dos Traballadores.
2	0,3	Indique a relación que poderia unir á empresa e a Francisca, en relación co artigo 11 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.
3	0,4	Tomando como punto de partida a relación descrita no apartado anterior, cales serían as causas de interrupción xustificada da actividade profesional, consonte o artigo 16.1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo?

Exercicio 2. 1 punto

Ana B. é unha traballadora de Cinx SL, onde presta servizos desde o 1/01/2010 cunha retribución bruta de 4.000 euros /mes, incluíndo a parte proporcional das pagas extras. A súa retribución neta é de 2.837euros/mes.

O 1/03/2024 a empresa recibe comunicación dunha entidade bancaria solicitando o embargo do salario desta traballadora por unha contía sen pagar de 3.000 euros, derivada dun descuberto nunha tarxeta de crédito.

Ademais, Ana ten a obriga, por sentenza de divorcio, de pasar pensión de alimentos aos seus fillos por un importe de 1.100 euros/mes e a empresa recibiu notificación para este efecto.

A empresa despide a Ana por motivos disciplinarios o 13/06/2024. O despido é declarado improcedente polo xulgado do Social e Cinx SL opta por indemnizar á traballadora.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,1	Está obrigada a empresa a practicar estes embargos?
2	0,2	Cal é a cantidade embargábel?
3	0,1	Que efecto ten sobre o embargo do salario o feito de que a traballadora teña unha obriga de pago dunha pensión por alimentos a favor dos seus fillos?
4	0,4	Calcula a indemnización que lle corresponde polo despido improcedente.
5	0,2	Como afecta a práctica do embargo á indemnización por despido?

IV – SEGURIDADE SOCIAL
Exercicio único: 2 puntos

Matías (sen cónxuxe), está en situación de afiliación e alta no Réxime Xeral da Seguridade Social. Concedéronlle unha incapacidade permanente derivada dunha enfermidade común, que lle impide realizar a súa profesión habitual (si pode realizar outro tipo de traballos). No momento do feito causante (17/06/2024) tiña exactamente 38 anos e 3 meses de idade.
Ten acreditados os seguintes períodos de cotización no Réxime Xeral:

- 250 días
- 65 días
- 875 días (o seu último contrato de traballo ininterrompido ata o feito causante)

A suma das bases de cotización do período mínimo de cotización esixido é de 99.015,00 euros

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,1	De que grao de incapacidade permanente se trata?
2	0,6	Explique de xeito detallado se cumpre os requisitos para a prestación correspondente, xustificando segundo a normativa vixente.
3	0,8	Calcule a contía da pensión.
4	0,1	Como sería o aboamento nesta pensión? 12 ou 14 pagas? No caso de que fora en 14 pagas, en que meses se aboarían as pagas extraordinarias?
5	0,2	Calcule cal sería a indemnización a tanto alzado no caso de que o traballador optase por esta opción.
6	0,2	Explique tres situacións nas que se podería extinguir a pensión.

V – ECONOMÍA E EMPRESA
Exercicio único: 2,5 puntos

Ana é titular dunha empresa situada en Galicia, dedicada á venda por xunto de bebidas refrescantes. O seu negocio está acollido ao réxime de estimación directa simplificada (EDS). A empresa de Ana ten consideración fiscal de ERD (Empresa de Reducida Dimensión).En relación coa súa actividade, coñecemos os seguintes datos:

- Importe neto cifra de negocios: 500.000 euros
- Compras consumidas (existencias): 300.000 euros
- Gastos de persoal: 100.000 euros
- Outros gastos de explotación: 24.940 euros
- Amortización do inmobilizado: 16.000 euros
- Importe pagos fraccionados a conta IRPF: 10.000

euros Información adicional:

- Ana ten seis empregados en persoal. En agosto e de forma excepcional, pídelle ao seu esposo, Marcos, que lle "bote unha man" coas tarefas administrativas, polo que recibe 5.000 euros. A dita cantidade aparece incluída no apartado de "gastos de persoal". Marcos non ten contrato, nin está dado de alta en ningún réxime da Seguridade Social.
- Na partida "Gastos de persoal", por importe de 100.000 euros, se desglosa nos seguintes compoñentes: Soldos e Salarios**:** 75.000 euros (inclúe os 5.000 euros do esposo); Cotas da Seguridade Social a cargo da empresa: 25.000 euros Corresponde ao persoal de seis empregados.
- Na partida de "Outros gastos de explotación" cargáronse os seguintes conceptos:
  - Tributos locais: 1.000 euros
  - Aluguer do almacén (afecto á actividade): 13.000 euros
  - Seguridade social (Cota autónomos de Ana): 3.800 euros
  - Material de oficina: 1.200 euros
  - Electricidade: 1.100 euros
  - Teléfono: 840 euros
  - Perda por deterioración de créditos comerciais: 4.000 euros. A "perda por deterioración de créditos comerciais" corresponde á débeda dun cliente declarado en concurso de acredores en xuño de 2023, sendo o saldo de clientes a 31 de decembro de 2023 de 40.000 euros, incluíndo o crédito moroso.
- As dotacións ás amortizacións realizáronse segundo a táboa de amortización aprobada por Orde de 27 de marzo de 1998, aplicando os coeficientes máximos previstos.

Nº	Puntos	Pregunta
1	1,75	Calcule os gastos fiscalmente deducíbeis xustificando a resposta.
2	0,75	Calcule o rendemento neto da actividade económica xustificando a resposta